




PXA 2024/2025

EEI VILA LAURA

2º CICLO DA EDUCACIÓN INFANTIL

36014799

VIGO (PONTEVEDRA)





1.OBXECTIVOS DO CENTRO.....	3
2.MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONCRECIÓN.....	4
3.RECURSOS PREVISTOS	5
4.ÓRGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS	6
5.ÓRGANOS DE GOBERNO COLEXIADOS	6
6.ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE	9
7.DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.....	14
8.ALUMNADO.PERÍODO DE ADAPTACIÓN.MATERIAIS CURRICULARES	27
9.HORARIOS DO PROFESORADO	29
10.PROGRAMAS DE INNOVACIÓN	29
11.DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA	29
12. DINAMIZACIÓN DAS TICS.....	35
13. DINAMIZACIÓN DO PLAN DIXITAL	38
14. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO	40
15. CONCRECIÓN E MODIFICACIÓN DO PE	41
16.CALENDARIO DE REUNIÓNS	41
17.PLAN DE POTENCIACIÓN DAS RELACIÓNS COA COMUNIDADE	42
18.PLAN DE REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN DE COMEDORES	42
19.HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO	44
20.PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PAS.....	44
21.PLAN DE UTILIZACIÓN DO CENTRO	45
22.PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES.....	45
23.PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO	48
24.DINAMIZACIÓN DO PLAN ANUAL DE BENESTAR E CONVIVENCIA	48
25.ANPA	51



1. OBXECTIVOS DO CENTRO

- ✓ Potenciar o desenvolvemento da autonomía persoal dos alumnos/as nas actividades cotiás.
- ✓ Fomentar a adquisición de hábitos e técnicas básicas de traballo persoal, constancia, atención e orde polas tarefas.
- ✓ Establecer vínculos de relación cos adultos e cos iguais, que faciliten a integración na sociedade, así como promover actitudes non sexistas nin racistas.
- ✓ Promover a igualdade, a non discriminación, a integración do noso alumnado, e a prevención da violencia de xénero.
- ✓ Favorecer a inclusión na escola.
- ✓ Fomentar actitudes de respecto, curiosidade polo que nos rodea e potenciar outras que permitan acadar unha mentalidade aberta.
- ✓ Fomentar actitudes tolerantes e de respecto ás características individuais dos demais.
- ✓ Impulsar os nosos principios e valores como Comunidade, potenciándoos e sentíndoos propios, para compensar a súa perda na nosa sociedade actual.
- ✓ Espertar e fomentar o interese e o gusto pola lectura.
- ✓ Desenvolver a expresión e a comunicación a través das distintas competencias.
- ✓ Coñecer e apreciar o propio corpo, o seu desenvolvemento e a adquisición de forma autónoma de hábitos e actitudes básicas e de saúde, coidando o benestar persoal, alimentación e repouso.
- ✓ Concienciar sobre o coidado do medio ambiente fomentando hábitos adecuados de consumo e de responsabilidade.
- ✓ Apreciar e valorar a contorna para acadar unha correcta integración na mesma favorecendo o seu coidado.
- ✓ Valorar a nosa vida en relación coa natureza que nos rodea.
- ✓ Promocionar a actividade física e os hábitos saudables, como un estilo de vida propios.
- ✓ Mellorar, na medida do posible, as infraestruturas do centro.
- ✓ Espertar o sentido estético e a sensibilidade.



- ✓ Favorecer, valorar e potenciar o uso do galego na escola como lingua propia de Galicia.
- ✓ Iniciarse no uso da robótica e no pensamento lóxico - computacional.
- ✓ Potenciar canles de participación das familias dentro da escola.
- ✓ Promover un centro activo no que se fomente a participación dos diferentes sectores da nosa comunidade educativa.
- ✓ Potenciar canles de comunicación co profesorado e promover o traballo en equipo.
- ✓ Solicitar á Administración Educativa a ampliación do Claustro de mestres/as coa incorporación dun mestre/a de apoio á Educ. Infantil e dun mestre/a especialista en Educ. Musical.
- ✓ Desenvolver a formación en centro como proposta de innovación e mellora educativa.
- ✓ Impulsar a innovación pedagóxica a través de Plans e Contratos-Programa de Educación.

Inclúese neste curso escolar:

- Iniciar e desenvolver o PLAMBE concedido para este curso escolar (máis información no punto “*Dinamización da Biblioteca*”).
- Desenvolver obxectivos plurilingües asociando as Artes e a Expresión Plástica así como a Psicomotricidade coa lingua estranxeira (Inglés).

2. MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONCRECIÓN

Para o desenvolvemento dos obxectivos levaranse a cabo as seguintes concrecións:

- ✓ Adaptación dos espazos, materiais e os tempos.
 - Seguir a traballar na adaptación e construción dos espazos, en especial os espazos de recreo e de movemento, así como os espazos adicados á lectura e á relaxación.
 - Seguir co equipo de patios no que se reflexione sobre medidas pedagóxicas e organizativas, liñas de actuación e concreción, así como o desenvolvemento das fases acordadas. Colaboración coas familias.



- ✓ Presentación de modelos que fomenten a tolerancia e o respecto tanto nas actitudes como na linguaxe.
- ✓ Participación no proxecto Voz Natura a través da *Horta Ecolóxica*, fomentando valores de reciclaxe, coidado e de respecto á natureza.
- ✓ Desenvolver hábitos saudables alimenticios así como unha actividade física que potencie estados de saúde e benestar.
- ✓ Favorecer e potenciar o uso do galego na escola, implicando a toda a comunidade educativa para tratar de darlle máis impulso.
- ✓ Participación nos programas de innovación educativa por parte do profesorado.
 - Desenvolvemento do Proxecto Plurilingüe neste primeiro ano.
 - Iniciar e desenvolver o PLAMBE (formación, catalogación, apertura da biblioteca á Comunidade,...)
 - Dinamización da biblioteca da escola e das aulas, así como a creación dun plan de lectura e do Plan Lector.
- ✓ Participación do profesorado nos cursos de formación relacionados cos medios dixitais, patios inclusivos, biblioteca e atención á diversidade.
- ✓ Participación da Comunidade Educativa na escola a través de distintas actividades e tarefas, festas e conmemoracións,...
- ✓ En cantas outras medidas se desenvolven nos distintos apartados desta Programación Xeral Anual.

3. RECURSOS PREVISTOS

3.1. Recursos materiais

O centro conta con dous edificios: Principal e Aulario. No edificio principal atópanse as 10 aulas de infantil, a aula de multiusos, aula de PT (aula 12) e aula multisensorial, os despachos do Equipo directivo e Orientación, a sala de mestras, aseos, cuarto de limpeza e un patio interior. No Aulario atopamos o comedor, as aulas de inglés, STEAM, de psicomotricidade, de Audición e Linguaxe e de Pedagogía Terapéutica, o espazo adicado á ANPA, así como os aseos e o cuarto da limpeza.

Seguindo a liña do curso anterior, preténdese seguir mellorando os patios e continuar coa transformación dos espazos para adecualos aos traballos por proxectos, ós patios



inclusivos e a unha aprendizaxe cooperativa onde teña especial relevancia a atención á diversidade.

Tendo en conta que foi aprobado o PLAMBE, mellorar a Biblioteca será outro obxectivo durante este curso escolar (máis información no punto “Dinamización da Biblioteca”).

3.2. Recursos humanos

O catálogo de postos de traballo do persoal docente está cuberto, segundo a lexislación vixente, aínda que resulta insuficiente dadas as características deste centro.

Engádesse a problemática de que, dende este ano o cadro de gardas e de persoal vese diminuído considerablemente ao contar cada Mestre/a con 2 horas de traballo na casa (e 2 horas menos de traballo no centro escolar). Todo isto sumado a que a Escola non conta con especialistas de Música e de Educación Física e non se cubren as horas de despacho do Equipo Directivo, dan como resultado que se precisen, como mínimo, 3 mestres/as.

Neste curso contamos, como persoal non docente, cunha coidadora e un conserxe.

Ao ser centro Plurin infantil, contaremos tamén cunha Auxiliar de Conversa que permanecerá no centro dende outubro ata maio, (compartida co CEIP Celso Emilio Ferreiro) con permanencia no noso centro 8 h entre os xoves e venres.

Durante o curso escolar tamén nos acompañarán, na súa formación, estudantes de Maxisterio que queren realizar as prácticas no noso centro educativo, por ser un referente na etapa de Educación Infantil.

4. ÓRGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS

DIRECTOR: Alberto Becerra Lage

XEFA DE ESTUDOS: Iria Gil Iglesias

SECRETARIA: Antía Reboreda Rivera

5. ÓRGANOS DE GOBERNO COLEXIADOS

Neste primeiro trimestre corresponde a elección parcial dos membros dos Consellos Escolares, segundo a *Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos.*

Polo tanto, a súa composición definitiva do profesorado e dos pais /nais /titores legais non será a que figura a continuación:



5.1. Consello Escolar

DIRECTOR (presidente): Alberto Becerra Lage

XEFA DE ESTUDOS: Iria Gil Iglesias

SECRETARIA: Antía Reboreda Rivera

REPRESENTANTE DO CONCELLO: Víctor Martínez Oya

REPRESENTANTE DO PAS: Almudena Nuñez Cameselle

REPRESENTANTE DA ANPA: María del Pilar Lourés Carballal

REPRESENTANTES DO PROFESORADO:

- Divina Pastora Fernández García
- Marta Guzmán Rodríguez
- Vanessa Blanco de la Fuente
- Beatriz Álvarez Pereira
- Nuria Rodríguez González

REPRESENTANTES DOS PAIS/NAIS/TITORES LEGAIS:

- César Álvarez Franco
- Brais Barreiro Carreira
- María Lago Preciado
- María del Pilar Lourés Carballal

5.2. Comisión económica no seo do Consello Escolar

PRESIDENTE: Alberto Becerra Lage

SECRETARIA: Antía Reboreda Rivera

REPRESENTANTE DO PROFESORADO: Vanessa Blanco de la Fuente

REPRESENTANTE DOS PAIS/NAIS: César Álvarez Franco

Ao ser aprobado o PLAMBE para este curso escolar, é necesaria a creación dunha comisión de Biblioteca na que figurará, cando menos, a Dirección da escola, a Secretaría, a Responsable do equipo de Biblioteca, e un representante dos pais/nais.

A xunta económica reunirse na dirección do centro cando se necesite facer un investimento no centro importante e/ou para a elaboración das contas e do orzamento.

5.3. Observatorio de Convivencia no seo do Consello Escolar

PRESIDENTE: Alberto Becerra Lage



XEFA DE ESTUDOS: Iria Gil Iglesias

REPRESENTANTE DO PROFESORADO: Marta Guzmán Rodríguez

REPRESENTANTE DOS PAIS/NAIS: Pendente de elixir para este curso escolar

Esta comisión reunirse na dirección do centro unha vez ao trimestre e sempre que algunha das partes da comunidade educativa o considere a necesario.

5.4.Claustro de profesores/as

- ✓ Alonso Gil, María del Pilar
- ✓ Álvarez Pereira, Beatriz
- ✓ Becerra Lage, Alberto
- ✓ Bello Cid, Fátima María
- ✓ Blanco de la Fuente , Vanessa María
- ✓ Calviño Moure, María Jesús
- ✓ Cid Novoa, Betty
- ✓ Davila Soto, Patricia
- ✓ Estévez López, María del Carmen
- ✓ Fernández García, Divina Pastora
- ✓ Gil Iglesias, Iria
- ✓ Guzmán Rodríguez, Marta
- ✓ Iglesias Rodríguez, Raquel
- ✓ Iglesias Veiga, Rosa
- ✓ Reboreda Rivera, Antía
- ✓ Riego Montes, Raquel
- ✓ Rodríguez González, Nuria
- ✓ Sánchez González, Rocío
- ✓ Suárez Conde, María Fátima
- ✓ Valcarce Fernández, Raquel

Asemade compartidas con outro centro:

M^a Isabel Prieto Prieto (Relixión) co CEP Doutor Fleming

Clara Pereira Constenla (Audición e Linguaxe) co CEIP Otero Pedraio



6. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

6.1 Comisión de Coordinación Pedagóxica

- ✓ DIRECTOR (presidente): Alberto Becerra Lage
- ✓ XEFA DE ESTUDOS: Iria Gil Iglesias
- ✓ COORDINADORA DE CICLO: María Jesús Calviño Moure
- ✓ COORDINACIÓN DO EQUIPO EDLG: Betty Cid Novoa
- ✓ COORDINADORA DE BIBLIOTECA: Fátima Suárez Conde
- ✓ XEFA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN: María del Pilar Alonso Gil
- ✓ MESTRAS DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA: Rocío Sánchez González, Raquel Valcarce Fernández e Patricia Davila Soto.
- ✓ PROFESORAS DE AUDICIÓN E LINGUAXE: Raquel Riego Montes, Raquel Iglesias Rodríguez

6.2 Equipo de actividades complementarias

O equipo de actividades complementarias está formado pola coordinadora Beatriz Álvarez Pereira e todo o claustro da EEI Vila Laura. Asemade as diferentes mestras implicadas participarán en cada unha das actividades segundo esixe a lexislación vixente.

O seu obxectivo será o de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades adecuadas ás características psicoevolutivas dos nenos/as da nosa escola, aos proxectos e actividades que esteamos levando a cabo así como aos recursos do centro.

Ditas actividades terán un carácter diferenciado polos recursos que se utilizan e polos espazos onde se desenvolven.

Neste curso escolar 2024/25 esperamos que tal e como se fixo estes cursos pasados, algunha destas actividades sexa financiada polo Concello, mediante o programa ``Vigoeduca`` (que ofrece autobuses gratuítos).

Para este ano solicitaranse as seguintes visitas: Afundación, O outono no Castro, Museo Liste, Granxa Kiriko... ademais de outras que poidan xurdir ao longo do curso en función dos proxectos ou actividades que esteamos realizando.

Estas saídas culturais pretenden ser o colofón a un traballo previamente realizado no centro e onde o alumnado poida observar, descubrir, profundizar... conceptos e contidos traballados anteriormente nas aulas ou o punto de partida dun proxecto que servirá de motivación para introducir posteriormente novos centros de interese.



A parte das actividades que se realizan fóra do centro, no propio centro desenvólvense outras como: o Magosto, o Nadal, o Día da Paz, o Entroido, o Día das Letras Galegas... nas que, ademais de implicarse todo o claustro, contamos tamén coa colaboración da ANPA.

Esta é unha programación anual que ten un carácter flexible; polo que está aberta a novas actividades que poidan xurdir durante o curso e que se consideren de valor formativo para o alumnado.

6.3 Equipo de dinamización da lingua galega

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega neste curso 2024/2025 componse das seguintes mestras/e:

- Álvarez Pereira, Beatriz
- Becerra Lage, Alberto
- Calviño Moure, María Jesús
- Cid Novoa, Betty (coordinadora)
- Fernández García, Pastora
- Iglesias Veiga, Rosa

O EDLG desta escola acorda que os **obxectivos** para este curso escolar serán os seguintes:

- ✓ Fomentar que todas as actuacións administrativas de réxime interno se redacten en lingua galega, así como en todas as relacións que manteña o centro con outras entidades galegas, públicas ou privadas, e as familias.
- ✓ Establecer canles axeitadas que permitan a interrelación dixital de toda a comunidade educativa (Abalar coas familias, blog e páxina web do centro).
- ✓ Fomentar o coñecemento da propia identidade da autonomía (cultura e tradicións galegas), así como do seu patrimonio humano, material e inmaterial.
- ✓ Colaborar co Equipo de biblioteca, así como co resto de equipos docentes, á hora de dotar ao centro de materiais na promoción e uso do galego, e nas actividades de dinamización do centro.
- ✓ Colaborar co proxecto anual do centro a través de diversas actividades para traballar conxuntamente todo o profesorado e o alumnado en prol dun maior uso desta lingua na escola. Deste xeito, asegurando esta utilización, tratarase de mellorar a competencia lingüística.



- ✓ Colaborar con CEP Dr. Fleming, IES O Castro, Centro de día Atendo e outras posibilidades nos ofrece o noso barrio.
- ✓ Colaboración continua cos distintos equipos docentes da nosa escola, especialmente co de Biblioteca por ser o centro de recursos do que partimos nas diversas actividades.
- ✓ Facer unha revista escolar dixital.
- ✓ Incrementar as audicións de música galega e/ou en galego.
- ✓ Reforzar e ampliar a actividade “Xoves en galego” no que toda a comunidade escolar participe activamente.

Á hora de propoñer as **actividades**, tívose en conta o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, máis en concreto a área “Comunicación e representación da realidade”, onde se aborda unha perspectiva comunicativa e se persegue un enfoque interactivo nun contexto plurilingüe e intercultural. Así, algúns dos obxectivos (e das actividades a desenvolver) están orientados cara a 3 aspectos fundamentais da comunicación: a expresión, a comprensión e a interacción sendo a oralidade o instrumento por excelencia para a comunicación.

O listado das actividades marcadas por EDLG, así como a súa temporalización para o curso 2024/2025, son as seguintes:

- ✓ Recitado de poesías, refráns, adiviñas e trabalinguas por parte do alumnado (ao longo do curso. Datas por concretar)
- ✓ Apadriñamentos lectores :
 - Visita do alumnado que marchou o curso anterior ao CEP Dr. Fleming ao novo alumnado de 3 anos da nosa escola arredor do Día do Libro ou Letras Galegas.
 - O alumnado de 6º de Primaria do CEP Dr Fleming visita as aulas de 5 anos no 1º trimestre.
- ✓ Conmemoración do día de Rosalía de Castro (23 de febreiro)
- ✓ Conmemoración do día das Artes Galegas (1 de abril)
- ✓ Conmemoración das Letras Galegas (do 12 ao 16 de maio)



- ✓ Revista escolar dixital ao longo do curso con escolma final.
- ✓ Recollida de Cantos e Ranchos de Reis (1º Trimestre).
- ✓ Recollida de cantigas relacionadas cos traballos do campo. (2º Trimestre).
- ✓ Seguir participando en “Ponte nas ondas”.

Todas as actividades propostas previstas para fomentar o uso do galego no alumnado e no resto da comunidade educativa, serán realizadas durante todo o curso escolar e terán carácter flexible. Para a realización das diferentes actividades contamos coa implicación, o traballo e o esforzo de todo o equipo docente; coa colaboración das familias, do persoal non docente, doutras persoas, asociacións, entidades e institucións da nosa contorna, e sobre todo dos protagonistas que son o alumnado da nosa escola.

Segundo se pon de manifesto no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as actividades empregadas garantirán que o alumnado adquiera o coñecemento das dúas linguas oficiais.

Porén, e seguindo o acordado e exposto en anos anteriores neste centro, o EDLG da escola estableceu que se imparta, cando menos, unha de cada tres horas en ámbalas dúas linguas oficiais nas diversas actividades a desenvolver no centro/aula, para, deste xeito, evitar posibles situacións diglósicas e adquirir progresivamente competencia lingüística.

Dada a ensinanza globalizada que impregna o ciclo da educación infantil, non se establece un horario ríxido para a posta en práctica das mesmas.

Analizarase tamén a posibilidade de desenvolver actividades na nosa contorna como camiño para coñecer o patrimonio da identidade propia (Museo Liste, Teatro,...), así como as actividades propostas polo Servizo de Normalización Lingüística (SNL) do Concello de Vigo.

A Real Academia Galega (RAG) adicará o “Día das Letras Galegas 2025” as cantareiras e a poesía popular oral. Como se ten feito ata o momento, irase dando información ao profesorado do centro, avanzando máis adiante as liñas a seguir para a conmemoración desta data sinalada.

6.4 Equipo de ciclo

6.4.1 Introducción

A EEI Vila Laura é unha escola singular, xa que conta cun só Ciclo que funciona como punto de encontro e debate dos distintos órganos colexiados e unipersoais.



6.4.2 Compoñentes do equipo

Debido a singularidade da nosa escola, o Ciclo está formado por todos os membros do Claustro, sendo a coordinadora M^a Jesús Calviño Moure.

6.4.3 Reunións previstas

Están previstas unha xuntanza ao mes para a organización e posta en común das distintas actividades e eventos a realizar.

6.4.4 Obxectivos previstos

- ✓ Coordinar as actividades docentes coa posta en común dos representantes de nivel, EDLG, Complementarias, DO, Biblioteca...
- ✓ Chegar a acordos sobre aspectos organizativos do centro.
- ✓ Tratar diferentes temas ou puntos da vida escolar.

6.4.5 Actividades propostas

- ✓ Actividades realizadas en relación con as diferentes Conmemoracións:
 - 20 de novembro: Día Universal da Infancia
 - 25 de novembro: Día Internacional contra a Violencia de Xénero
 - 3 de decembro: Día Internacional das Persoas con Discapacidade
 - Semana do 6 de decembro: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia
 - 10 de decembro: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos
 - 24 de xaneiro: Día Internacional da Educación
 - 30 de xaneiro: Día Escolar da Non Violencia e da Paz
 - 23 de febreiro. Día de Rosalía de Castro
 - 8 de marzo: Día Internacional da Muller
 - 15 de marzo. Día Mundial dos Dereitos do Consumidor
 - A segunda semana de marzo: Semana da Prensa.
 - 1 de abril: Día das Artes Galegas
 - 2 de abril: Concienciación Mundial do Autismo



- 7 de abril: Día Mundial da Saúde
- Semana do 23 de abril: Semana do Libro
- 2 de maio: Día Internacional contra o Acoso Escolar
- 9 de maio: Día de Europa
- Semana do 17 de maio: Semana das Letras Galegas
- 5 de xuño: Día Mundial do Medio Ambiente
- ✓ Informativa por parte dos distintos Departamentos e/ou Equipos da Escola dos acordos, actividades...
- ✓ Actividades realizadas en relación coa planificación e organización de actividades na semana do 21 de marzo, Día da Árbore.
- ✓ Actividades realizadas en relación coa Organización de convivencia co centro de atención ATENDO.

6.4.6 Plan de avaliación

Para axilizar a información a coordinadora resumirá os acordos e conclusións das reunións.

7. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

7.1 Introducción

De conformidade co artigo 3 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Os departamentos de orientación dos centros docentes establecerán procedementos e elaborarán protocolos e medidas para a detección temperá das necesidades educativas do alumnado. A xefatura do departamento de orientación, co apoio especializado, informará e asesorará a comunidade educativa sobre os procesos de identificación das necesidades educativas do alumnado, a súa valoración e acreditación e a resposta educativa apropiada.

7.2 Composición

Constitúese o Departamento de Orientación da EEI Vila Laura o 3 de setembro de 2024, respectando a normativa en vigor, que queda composto polo seguinte profesorado:



- ✓ Rocío Sanchez González, mestra especialista en PT.
- ✓ Patricia Davila Soto, mestra especialista en PT.
- ✓ Raquel Valcarce Fernández, mestra especialista en PT preferente.
- ✓ Raquel Riego Montes, mestra especialista en AL.
- ✓ Raquel Iglesias Rodríguez, mestra especialista en AL preferente.
- ✓ Clara Pereira Constenla, mestra especialista en AL (compartida co CEIP Otero Pedraio).
- ✓ M^a del Pilar Alonso Gil, xefa do Departamento de Orientación.
- ✓ M^a Carmen Estévez López, mestra representante de 6º EI.
- ✓ Antía Reboreda Rivera, mestra representante de 5º EI.
- ✓ Marta Guzmán Rodríguez, mestra representante de 4º EI.

As especialistas do Departamento e a Xefa do mesmo, reuniranse para efectos de coordinación un martes mensual de 16:00 a 17:00 h. O Departamento de Orientación, ao completo, reunirse unha vez por trimestre os martes pola tarde en convocatoria ordinaria.

A Xefa do Departamento de Orientación manterá as reunións coas familias cando sexa necesario. Así mesmo, as reunións con Asociacións, Fundacións específicas e/ou con Gabinetes Psicopedagóxicos que interveñen co alumnado NEAE, faranse en horario lectivo previa citación e firma de autorización para as mesmas do pai/nai/titores legais.

7.3 Obxectivos

7.3.1 Obxectivos referidos ao centro

- ✓ Revisar e actualizar a documentación específica de orientación do centro escolar: Plan de Atención á Diversidade, Plan de Orientación.
- ✓ Participar na elaboración/revisión e actualización do Plan de Convivencia.
- ✓ Participar e representar ao Departamento na Comisión de Coordinación Pedagóxica asesorando sobre os criterios de elaboración e revisión dos documentos internos do centro.
- ✓ Convocar e presidir as reunións do Departamento, levantando a correspondente acta da reunión.
- ✓ Valorar as necesidades educativas no ámbito da orientación e propor medidas de



atención.

- ✓ Colaborar proponendo modificacións, se detectamos necesidades sen definir no PE.
- ✓ Participar na avaliación do alumnado tratando de buscar un mellor axuste deste, cos principios de avaliación continua e formativa.
- ✓ Cooperar coa comunidade educativa favorecendo canles de comunicación e actualización.

7.3.2 Obxectivos referidos ao alumnado

- ✓ Levar á práctica un deseño dinámico de orientación con fins preventivos, compensadores e de desenvolvemento persoal para a súa atención temperá.
- ✓ Colaborar no desenvolvemento de programas de adquisición de habilidades e hábitos, da educación emocional do alumnado e do fomento de valores. Neste aspecto utilizaranse diferentes contos nos que o eixo central sexa a transmisión de valores (amizade, respecto pola diversidade, cooperación...) así como aqueles que fagan referencia á eliminación de estereotipos sexistas e ao fomento da igualdade de dereitos entre homes e mulleres.
- ✓ Procurar a inclusión do alumnado no seu grupo, e no conxunto da dinámica escolar.
- ✓ Facer visible a diversidade do alumnado e poñer en valor o respecto pola mesma.
- ✓ Potenciar a orientación educativa especialmente nos períodos críticos do alumnado (favorecer o cambio a etapa de Primaria realizando actividades conxuntas co alumnado desa etapa e acompañando as familias de nova incorporación na súa acollida).
- ✓ Favorecer accións que promovan boas prácticas de convivencia e incluílas no Plan de Convivencia do Centro.
- ✓ Realizar valoracións psicopedagóxicas ou informes de derivación aos servizos pertinentes, para unha axeitada atención temperá cando sexa necesario e facer os Informes psicopedagóxicos pertinentes, proponendo medidas de atención á diversidade, dende a máis ordinaria á máis extraordinaria, dependendo das necesidades educativas detectadas.



7.3.3 Obxectivos referidos ao profesorado

- ✓ Coordinar a actuación da profesor/a titor/a, as especialistas en pedagogía terapéutica, as especialistas en audición e linguaxe e a orientadora; de cara a dar resposta ás necesidades do alumnado.
- ✓ Asesorar no desempeño da acción titorial, sobre todo no referente ó alumnado con NEAE.
- ✓ Apoiar a actuación do profesorado, proporcionándolle información sobre recursos, medios materiais, didácticos e estratexias metodolóxicas que favorezan a súa labor docente e titorial.
- ✓ Participar no deseño, desenvolvemento e avaliación de diferentes medidas de atención á diversidade: actividades de reforzo educativo, ACS e outras medidas organizativas. As medidas adoptadas irán dende a máis ordinaria á máis extraordinaria.

7.3.4 Obxectivos referidos ás familias

- ✓ Colaborar organizando e facilitando información sobre accións encamiñadas á formación das familias naqueles aspectos referentes á educación dos seus fillos e fillas.
- ✓ Orientar ás familias na educación dos seus fillos e fillas en canto ás habilidades e hábitos de traballo, así como na modificación de condutas inadecuadas.
- ✓ Informar e asesorar ás familias do alumnado con NEAE cando sexa necesario.
- ✓ Cooperar e dinamizar as relacións pais/nais, titores/as e Centro educativo.
- ✓ Asesorar ás familias na presentación de documentos para solicitude de becas para NEAE.

7.3.5 Obxectivos referidos á Administración

- ✓ Acudir ás reunións convocadas pola Consellería de Educación (Inspección, Equipos de Orientación Específicos,...)
- ✓ Solicitude de intervención ou información ao Equipo de Orientación Específico da Consellería de Educación.



- ✓ Cubrir datos estatísticos sobre orientación, requiridos pola Consellería (DRD orienta / DRDADI).

As **actuacións** prioritarias e comúns para os Departamentos de Orientación seguirán a normativa vixente:

- ✓ Decreto 120/1998 do 23 de abril.
- ✓ Orde do 24 de xullo de 1998.
- ✓ Decreto 374/1996, do 17 de outubro que establece o Regulamento Orgánico das escolas de E.I e Primaria.
- ✓ Orde do 22 de xullo de 1997.
- ✓ Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 maio, de Educación (LOMLOE).
- ✓ Lei 4/2011 De Convivencia.
- ✓ Decreto 8/2015, de convivencia.
- ✓ Decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da C. Autónoma de Galicia.
- ✓ Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato.
- ✓ Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación , FP e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer accións prioritarias.
- ✓ Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ✓ Protocolos publicados pola Consellería.

ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	TEMPORALIZACIÓN
Revisión de todos os documentos do curso anterior relacionados co ACNEAE (informes, expedientes, etc.)	Orientadora	Orientadora	Setembro Outubro



Proposta de apoios e elaboración de horarios.	Orientadora, mestras PT e AL	Xefatura de estudos	Setembro Outubro
Xestión das bolsas do alumnado con NEAE	Orientadora	Familias e alumnado NEAE	Setembro
Revisión dos documentos relacionados coa atención á diversidade	Orientadora	Orientadora	Setembro Outubro
Elaboración e aprobación do Plan Anual de Actividades do DO.	Orientadora	DO	Setembro Outubro
Realización de avaliacións psicopedagóxicas e de seguimento, ditames e informes.	Orientadora	Demandantes, equipos docentes, alumnado e familias	Setembro-Xuño
Elaboración de programas de intervención específicos para alumnado con NEAE	Orientadora especialistas PT-AL	Alumnado con NEAE	1º trimestre
Avaliación do Plan Anual do D.O.	Departamento de Orientación	Membros do DO	Maio-Xuño
Elaboración dos informes do alumnado que remata E.I. e foi obxecto dalgunha Avaliación psicopedagóxica	Orientadora especialistas PT-AL	Xefatura de Estudos Orientadora do CEP Fleming.	Xuño
Redacción da memoria do DO	Departamento de Orientación	Comunidade educativa	Xuño
Reunións do DO	Orientadora	Membros do DO	Martes pola tarde



Asesoramento á Comunidade Educativa	Orientadora	Comunidade Educativa	Todo o curso
Reunión con familias	Orientadora	Familias alumnado	Todo o curso
Proposta de adquisición material para o DO	Orientadora	Dirección	Todo o curso
Asesoramento xeral na acción tutorial	Orientadora	Profesorado	Todo o curso
Asistencia a reunións da CCP, ciclo,e xuntas de avaliación.	PT/AL Orientadora	Profesorado	Todo o curso
Cubrir datos na aplicación informática da Consellería/DRDorienta/DRDadi	Orientadora	Consellería de educación	Cando o requira a Consellería

7.4 Medidas de atención á diversidade.Plans de intervención

7.4.1 Plan de intervención de Pedagogía Terapéutica

A intervención das especialistas en Pedagogía Terapéutica irá encamiñada a traballar co alumnado que presente necesidades educativas especiais, por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por estar en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde o sistema educativo ou por condicións persoais e de historia escolar.

7.4.1.1 Obxectivos previstos referidos ao alumnado

- ✓ Dar unha resposta educativa axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo.
- ✓ Contribuír ao desenvolvemento de capacidades xerais: aprender a pensar, aprender a aprender, mellora da intelixencia, etc.
- ✓ Favorecer a integración do alumnado na aula e no centro.
- ✓ Estimular o desenvolvemento normalizado do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo nos seus distintos ámbitos: social, afectivo, educativo.



- ✓ Proporcionar elementos compensadores para axudar á superación das dificultades.
- ✓ Intervir directa ou indirectamente para acadar os obxectivos propostos para cada alumno/a.
- ✓ Intervir na avaliación e seguimento do proceso educativo.
- ✓ Valoración inicial, elaboración dos programas de intervención do alumnado NEAE.
- ✓ Elaboración de material para o desenvolvemento dos programas.

7.4.1.2 Obxectivos previstos referidos ao profesorado

- ✓ Colaborar a nivel de centro na elaboración e mellora dos distintos documentos institucionais en aspectos referidos á resposta educativa, ao alumnado en xeral e ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- ✓ Coordinar e dinamizar actividades de concienciación sobre as distintas NEAE presentes no noso centro.
- ✓ Asesorar, orientar, informar en materia de dificultades de aprendizaxe, necesidades específicas de apoio educativo, resposta educativa concreta e de carácter preventivo.
- ✓ Establecer canles de colaboración entre o profesorado que intervéñen no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- ✓ Colaborar co profesorado para a realización dunha avaliación continua e integradora.
- ✓ Elaborar conxuntamente cos titores, especialistas e orientadora, no caso de ser necesario, as adaptacións curriculares e establecer os momentos de seguimento do alumnado.
- ✓ Fomentar a participación das familias do alumnado con necesidades educativas e implicalos no proceso educativo dos seus fillos, en colaboración con outros profesionais.
- ✓ Mellorar a dotación tanto bibliográfica como material da aula de Pedagogía Terapéutica.



7.4.1.3 Actuacións con respecto ao alumnado con necesidades educativas

- ✓ Coñecemento do listado do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo con informe e ditame.
- ✓ Apoio directo ao alumnado obxecto de atención na forma en que se determine para cada un.
- ✓ Colaboración na identificación e valoración das necesidades específicas de apoio educativo, como requisito previo ao apoio educativo.
- ✓ Colaboración, xunto coa titora no que respecta á, información ás familias sobre as medidas que se van a levar a cabo co seu fillo/a.
- ✓ Elaboración e recompilación do material necesario para a atención ás necesidades educativas detectadas.
- ✓ Revisión e análise dos documentos que constan no expediente de cada alumno/a.

7.4.1.4 Actuacións cos titores, especialistas, apoios e outros servizos

- ✓ Colaboración na detección e identificación das necesidades educativas.
- ✓ Reunións con cada un dos titores, especialistas, orientadora, segundo proceda, para tomar decisións e chegar a acordos sobre diferentes aspectos que afectan ao proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado.
- ✓ Reunións de coordinación coa orientadora, xefa de estudos e especialista en audición e linguaxe cando sexan necesarias. Tamén nos reuniremos co Equipo de Orientación Específico cando proceda.
- ✓ Reunións de avaliación e seguimento con todo o profesorado implicado, que serían trimestrais e coordinadas pola xefa de estudos.
- ✓ Participación nas reunións da xunta de avaliación.

7.4.1.5 Actuacións cos titores, especialistas, apoios e outros servizos.

- ✓ Apoio á titora na orientación e información ás familias para que participen dende casa na creación de actitudes e nas adquisicións que os seus fillos/as deben levar a cabo.

7.4.1.6 Actuacións con respecto ao centro



- ✓ Reunións para a revisión do P.E.
- ✓ Reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica segundo o calendario que o centro estableza.
- ✓ Reunións como membros do Claustro.
- ✓ Coordinación da utilización dos recursos e realización dun inventario do material da aula.
- ✓ Acondicionamento das aulas nas que intervimos e organización dos recursos.

7.4.1.7 Criterios metodolóxicos

- ✓ Partir dos coñecementos previos dos alumnos/as (avaliación inicial).
- ✓ Buscar aprendizaxes funcionais e significativas, potenciando a xeneralización dos coñecementos que se adquiren na aula.
- ✓ Propor actividades e procedementos de avaliación diversificados, tendo en conta as diferentes capacidades e intereses do alumnado.
- ✓ Secuenciar as tarefas en distintos graos de dificultade, traballando os contidos de diversas formas e con material variado, para que resulten motivadores e accesibles para todos.
- ✓ Utilizar materiais diversos e manipulativos que sexan significativos para cada alumno/a e que sexan percibidos de maneira multisensorial.
- ✓ Reforzar positivamente cada pequeno logro.
- ✓ Seleccionar técnicas e estratexias que sendo beneficiosas para o alumno con NEAE sexan útiles para todo o alumnado (psicomotricidade, linguaxe oral, técnicas de focalización da atención...).
- ✓ Potenciar técnicas cooperativas e o uso do ensino titorado.
- ✓ Potenciar a aprendizaxe significativa apoiándonos no principio de actividade (aprender facendo).
- ✓ Co alumnado TEA terase como referencia a metodoloxía TEACCH e a utilización de sistemas alternativos e aumentativos de comunicación (SAAC).

As intervencións con este alumnado farase **dentro da súa aula ordinaria** e na aula de PT, cando así se considere necesario.



7.4.1.8 Plan de avaliación

Durante todo o curso irase avaliando o desenvolvemento das accións que se leven a cabo, axustándose ás necesidades observadas. Ao remate do curso realizarase unha avaliación que permita determinar o grado de consecución dos obxectivos programados realizándose, así mesmo, unha valoración sobre a temporalización dos mesmos que se reflectirá na Memoria Final.

As conclusións e tódolos datos obtidos serán o punto de partida para a elaboración da Intervención do Departamento do seguinte curso académico.

7.4.2 Plan de intervención en Audición e Linguaxe

7.4.2.1 Obxectivos previstos

- ✓ Colaborar coa orientadora, titoras, e co profesorado na detección de trastornos ou retrasos na comunicación e a linguaxe que presente o alumnado.
- ✓ Colaborar coa orientadora na avaliación específica do alumnado con trastornos da comunicación e da linguaxe.
- ✓ Colaborar co profesorado, que teña alumnado con dificultades no campo da comunicación e da linguaxe, na busca de estratexias axeitadas, para o seu desenvolvemento comunicativo e lingüístico.
- ✓ Intervir de forma directa co alumnado que presente retrasos ou trastornos no ámbito da comunicación e da linguaxe oral, de forma individual ou en grupos reducidos, tanto na aula de apoio como na aula ordinaria, sempre en coordinación co profesorado das distintas áreas.
- ✓ Acadar a máxima coordinación coa orientadora do centro e as profesoras especialistas de pedagogía terapéutica.
- ✓ Xunto coa orientadora, e a profesora titora, intervenir coas familias do alumnado atendido, proporcionándolles información e dándolles as pautas de actuación oportunas.
- ✓ Avaliar a efectividade das distintas medidas de atención lingüísticas e comunicativas fixadas e establecer propostas de mellora nos casos que correspondan.



7.4.2.2 Actuacións con respecto ao alumnado con necesidades educativas

As principais problemáticas a nivel lingüístico que se presentan no centro son as seguintes:

- ✓ Retrasos da linguaxe (maduración lenta do desenvolvemento lingüístico que afecta tanto na comprensión como na expresión: articulación, vocabulario, estruturación...)
- ✓ Alteracións da fala (dificultades no emprego da linguaxe oral: dislalias, erros na produción das palabras..).
- ✓ Trastornos na comunicación: Ausencia de linguaxe oral...
- ✓ Aprendizaxe dun novo idioma (galego/castelán).
- ✓ Implementación e ampliación de SAAC.

7.4.2.3 Actuacións cos titores, especialistas, apoios e outros servizos

- ✓ Colaboración na detección e identificación das necesidades educativas.
- ✓ Reunións con cada un dos titores, especialistas, orientadora, segundo proceda, para tomar decisións e chegar a acordos sobre diferentes aspectos que afectan ao proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado.
- ✓ Reunións de coordinación coa orientadora, xefa de estudos e especialista en Pedagogía terapéutica cando sexan necesarias. Tamén nos reuniremos co Equipo de Orientación Específico cando proceda.
- ✓ Reunións de avaliación e seguimento con todo o profesorado implicado, que serían trimestrais e coordinadas pola xefa de estudos.
- ✓ Participación nas reunións de avaliación.

7.4.2.4 Actuacións en relacións ás familias

- ✓ Apoio á titora na orientación e información ás familias para que participen dende casa na creación de actitudes e nas adquisicións que os seus fillos/as deben levar a cabo.

7.4.2.5 Actuacións con respecto ao centro

- ✓ Reunións para a revisión do P.E.



- ✓ Reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica segundo o calendario que o centro estableza.
- ✓ Reunións como membros do Claustro.
- ✓ Coordinación da utilización dos recursos e realización dun inventario do material da aula.
- ✓ Acondicionamento das aulas nas que intervimos e organización dos recursos.

7.4.2.6. Criterios metodolóxicos básicos

É importante ter en conta a flexibilidade dende diferentes perspectivas ó plantexar as actividades a realizar en A.L., é dicir que a atención ós alumnos/as dependerá de múltiples factores que se terán en conta como poden ser: as necesidades específicas de cada alumno, a súa idade, curso...

En canto ao mencionado con anterioridade no tratamento da linguaxe oral, a intervención será tanto indirecta como directa e comprenderá as 3 dimensións da linguaxe (forma, contido e uso) tanto na expresión coma na comprensión.

En calquera caso, e de forma xeral, pretenderase que a actividade sexa o máis lúdica e interactiva posible, que parta dos intereses e dos coñecementos previos dos nenos/as. Deben ser suxestivas para provocar no suxeito o interese pola comunicación. Ademais, débese establecer un clima de confianza e seguridade co alumnado tendo en conta as súas características individuais.

No caso de alumnado que non desenvolveu a Linguaxe Oral implementárase o uso de un SAAC (dixital ou manipulativo) tendo en conta as capacidades e as necesidades de cada un dos alumnos e alumnas.

7.4.2.7 Plan de avaliación

A avaliación guía e reconduce todo o proceso educativo, implicando unha serie de procesos nos que se distingue tres momentos: inicial (meses de setembro e outubro) formativa (ó longo dos tres trimestres) e final ou sumativa (ó final do curso ou trimestre segundo o caso). É moi importante ter presentes as necesidades do alumno/a e realizar as adaptacións pertinentes nos instrumentos de avaliación. Centrándose no ámbito comunicativo-lingüístico, a avaliación farase a través de probas non estandarizadas como



son: o rexistro da linguaxe espontánea, dirixida e repetida do alumno; cuestionarios; entrevistas; protocolos de observación... A través de escalas de desenvolvemento e a través de probas estandarizadas como por exemplo: RFI,PAF,PEABODY, PLON...

8. ALUMNADO.PERÍODO DE ADAPTACIÓN.MATERIAIS CURRICULARES

Contamos no centro con 10 aulas de E.I. distribuídas do seguinte modo:

	Nº DE AULAS	ALUMNADO
3 ANOS (4º Educ. Inf)	3	60 NENOS/AS
4 ANOS(5º Educ, Inf)	3	68 NENOS/AS
5 ANOS (6º Educ. Inf)	4	72 NENOS/AS
TOTAL	10	200 NENOS/AS

Do total do alumnado unha porcentaxe importante presenta necesidades específicas de apoio educativa (NEAE); necesitando da intervención das mestras especialistas de PT e AL.

8.1 Plan de adaptación

Segundo a ORDEN de 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/2025 o períodos de adaptación levarase a cabo ata o día 17 de setembro.

O comedor escolar para os admitidos de 3 anos dará comezo o 23 de setembro.



8.2 Materiais curriculares

LIBROS DE TEXTO CURSO 24/25

4º E.I

- DAISY, ROBIN & ME STARTER
CLASS BOOK PACK GREEN
ED. OXFORD UNIVERSITY
PRESS
ISBN: 9780194806626
- AULA 9 E 10: MATEMÁTICAS 1
ED. ANAYA
ISBN: 9788467815887
- AULA 11: MATE + 3 AÑOS
ED. SANTILLANA
ISBN: 9788468063911

5º E.I

- DAISY, ROBIN & ME A
CLASS BOOK PACK GREEN
ED. OXFORD UNIVERSITY
PRESS
ISBN: 9780194806435
- MATEMÁTICAS 2
ED. ANAYA
ISBN: 9788467815894

6º E.I

- DAISY, ROBIN & ME
B CLASS BOOK
PACK GREEN ED.
OXFORD UNIVERSITY
PRESS
ISBN: 9780194806534
- MATEMÁTICAS 3
ED. ANAYA
ISBN: 9788467815900



9 HORARIOS DO PROFESORADO

O horario do profesorado vén regulado na *Orde do 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente e pola instrución 6/2024 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, sobre a xornada semanal do persoal docente que imparte educación infantil e primaria.*

A xornada laboral será de 37 horas e media, das cales dedicaranse 28 horas (23 horas lectivas) ás actividades do centro con presenza no mesmo e o resto da xornada semanal destinaranse ao perfeccionamento e á formación, á preparación de actividades docentes e á atención doutras actividades inherentes á función docente.

Horario de permanencia semanal no centro: 28 horas. Distribuídas do seguinte xeito:

Tódolos días 8:45 -14:15 e os martes tamén de 16:00-18:30.

Os días que coincidan con non lectivas a primeiras ou últimas horas será ata 14:30 ou dende 8:30 respectivamente.

Gardas de tarde de 16:00 a 17:15 segundo o calendario de gardas a partires de outubro , que é cando comezan as actividades extraescolares.

10. PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN

Por parte do claustro, solicitáronse diferentes cursos de formación. Asemade continuaremos co Plan de Formación Permanente do Profesorado iniciado en anos anteriores con 3 liñas de traballo relacionadas con Polos Creativos (radio escolar), organización da Biblioteca Escolar e espazos educativos.

11. DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA

11.1 Introducción

A Biblioteca da E.E.I. Vila Laura este curso pasou a formar parte do PLAMBE.

Está concibida como centro neurálxico de aprendizaxe, contribuindo a fomentar a lectura e a que o noso alumnado acceda á información e a outros recursos para a aprendizaxe, podendo deste xeito formarse no uso crítico dos mesmos, permitindo o seu funcionamento como espazo aberto á comunidade educativa e tratando de ter unha dotación progresiva e organizada que permita formar usuarios de idades moi temperás (de 3 a 6 anos).



Concibindo este espazo como mediador das lecturas no centro, polo que se deseñarán e apoiarán actividades para o fomento da lectura tendo en conta os distintos sectores que a conforman, procurando a colaboración entre eles. Facendo dela un espazo creativo de aprendizaxes innovadores e inclusivos que apoiem a adquisición das competencias clave, traballando e colaborando co D.O. e o EDLG.

11.2 Composición do equipo

11.2.1 Compoñentes do equipo

Coordinadora: M^a Fátima Suárez Conde

Compoñentes:

- ✓ M^a del Carmen Estévez López
- ✓ Rocío Sánchez González
- ✓ Vanessa Blanco De La Fuente
- ✓ Raquel Riego Montes
- ✓ Marta Guzmán Rodríguez
- ✓ Patricia Davila Soto
- ✓ Antía Reboreda Rivera
- ✓ Raquel Valcarce Fernández

11.3 Reunións

Unha ou dúas reunións ao trimestre, e os martes pola tarde en equipos de traballo, segundo as necesidades para a posta en marcha dos distintos obxectivos.

11.4 Obxectivos previstos

- ✓ Solicitar á “Asesoría de bibliotecas” o KOHA 0, para a súa aplicación na nosa biblioteca, xa que temos moito fondo sen catalogar e o MEIGA non funciona ben.
- ✓ Reubicar e organizar os fondos .
- ✓ Renovar fondos, como resultado da expurga realizada e as necesidades pedagóxicas segundo os proxectos a traballar e as solicitudes dos usuarios.
- ✓ Continuar coa catalogación pola CDU.
- ✓ Reunións do equipo de biblioteca para decidir en que mobiliario imos invertir para mellorar o espazo. Querendo crear un espazo que favoreza a realización de contacontos con mobiliario axeitado como unha butaca, alfombra,



biombo...aportando calidez e pracer cara á lectura dada as idades dos nosos usuarios.

- ✓ Ampliación do espazo da biblioteca, uníndoa á sala de mestres e á aula de orientación, fomentando a apertura do espazo físico da mesma ao exterior.
- ✓ Mellorar os servizos. Queremos fomentar a formación do profesorado (realización de PFPP e compromiso de facer cursos) na liña de formación de bibliotecas.
- ✓ Favorecer a publicación de novidades e propostas atractivas para o noso alumnado e familias.
- ✓ Garantir o acceso público á información así como o desenvolvemento dos distintos proxectos.
- ✓ Diseñar o PLAN DE BIBLIOTECA, o PLAN ANUAL DE LECTURA e o PLAN DE LECTURA.
- ✓ Superar as dificultades no acceso á información, dotando ao alumnado das capacidades básicas para obter e usar de forma autónoma a grande diversidade de recursos e servizos dadas as idades dos nosos usuarios.
- ✓ Promover a inclusión dixital a través do acceso ás TIC. Actuar como o centro da comunidade académica e de investigación.
- ✓ Preservar e proporcionar o acceso á cultura e ao patrimonio do mundo.
- ✓ Darlle unha nova vida aos libros que se retiraron, doando ao colexio adscrito.
- ✓ Fomentar o uso da biblioteca, entre a comunidade educativa.
- ✓ Motivar os distintos espazos dentro da biblioteca coidando os detalles.
- ✓ Fomentar a imaxinación e a creatividade.
- ✓ Favorecer os espazos lectores dentro da biblioteca que estimulen a concentración; crear espazos lectores novos, na nosa escola, como A Biblio-patio.
- ✓ Mercar os libros necesarios para desenvolver os distintos proxectos a levar a cabo.
- ✓ Acoller, organizar, facilitar, interactuar coas actividades programadas.
- ✓ Relacionar a biblioteca coas datas sinaladas no calendario escolar.
- ✓ Realizar empréstitos de aula.
- ✓ Continuar coa motivación da nosa mascota “Plumas” para o alumnado.
- ✓ Axudar na investigación e desenvolvemento do proxecto anual de centro este curso co tema “O MUNDO DO REVÉS”.



- ✓ Coordinarse co EDLG para a realización de diversas actividades así como co D.O.
- ✓ Buscar estratexias para manter ordenada a biblioteca.
- ✓ Crear un espazo para colocar os contos que necesitan ser arranxados
- ✓ Seguir a colocar pictogramas no canto dos libros para facerlle un uso máis doado e intuitivo.
- ✓ Facer máis accesible a disposición dos contos nos andeis organizar a disposición e fácil acceso de coleccións das que dispoñemos.
- ✓ Valorar a ampliación das horas do equipo de biblioteca para facilitar a dinamización.
- ✓ Formación en Bibliotecas escolares no noso PFPP. Así como o compromiso de facer formación dos membros do equipo desta biblioteca.

11.5 Propostas

Elaboraremos a programación anual da biblioteca escolar, atendendo aos proxectos curriculares do centro e unha memoria final. Así como o PLAN ANUAL DE BIBLIOTECA, O PLAN DE BIBLIOTECA e o PLAN LECTOR.

- ✓ Realizaremos o tratamento técnico dos fondos (seleccionar, organizar, clasificar e catalogar)
- ✓ Informaremos ao claustro das actividades da biblioteca e integrar as súas suxestións.
- ✓ Difundiremos os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar.
- ✓ Definiremos os criterios para o préstamo e atender o servizo xunto co equipo de apoio.
- ✓ Asesoraremos ao profesorado en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental, seleccionando e elaborando materiais, xunto co resto do profesorado, para a formación do alumnado nestes aspectos e a dinamización cultural do centro.
- ✓ O equipo de biblioteca apoiará ao responsable da biblioteca na súa organización e dinamización, desenvolvendo así as funcións que se lle encomendan á biblioteca escolar.



- ✓ Recompilaremos información, materiais e recursos necesarios para o bo funcionamento do servizo.
- ✓ Cooperaremos no deseño, organización e posta en marcha das actividades programadas.
- ✓ Estableceremos criterios para a adquisición e actualización dos fondos da biblioteca.
- ✓ Recolleremos propostas e suxestións do profesorado e do alumnado co fin de mellorar as intervencións e colaborar no desenvolvemento da competencia lectora, o hábito lector e as habilidades de traballo intelectual.
- ✓ Crearemos unha Comisión de Biblioteca no seo do Consello Escolar que será a encargada de: analizar as necesidades da biblioteca escolar referidas a infraestrutura, equipamento, mantemento e atención en horario lectivo e en horario extraescolar. Realizar propostas ao consello escolar para as melloras necesarias. Xestionar a apertura da biblioteca en horario extraescolar, procurando a necesaria colaboración e garantindo que todas as intervencións se realizarán seguindo os criterios establecidos polo equipo de apoio e o responsable da biblioteca escolar.
- ✓ Propoñeremos estratexias de colaboración entre a biblioteca escolar e a biblioteca pública máis próxima.
- ✓ Promoveremos actividades de sensibilización e dinamización cultural entre toda a comunidade escolar.
- ✓ Realizaremos propostas para a adquisición de fondos e equipamento, co correspondente proxecto orzamentario, que se remitirán ao consello escolar.
- ✓ Realizaremos xestións cos sectores culturais, educativos, sociais e económicos da contorna do centro educativo que poidan colaborar coa biblioteca escolar e os seus obxectivos.

11.6 Medidas de atención á diversidade

- ✓ Facilitar programas, recursos e diferentes materiais de apoio para traballar con alumnado NEAE e co fin de compensar as posibles desigualdades sociais.



- ✓ En colaboración co DO, analizaremos programas, recursos...para facilitar a aprendizaxe, facilitando o acceso de todo o alumnado. Algunhas actuacións que levaremos a cabo serán:
 - Ampliación dos fondos documentais para compensar as desigualdades; secuenciar historias para facilitar o seu entendemento; adaptación de diferentes textos atendendo ás necesidades; co gallo do día do AUTISMO, día 2 de abril, daráselle visibilidade; andel de contos con pictogramas (Todos lemos); adquisición de libros axeitados para as diferentes necesidades; dotación de contos para a Aula Multisensorial; pictogramas no canto dos libros para favorecer a accesibilidade; manter a biblioteca aberta nos recreos para os usuarios que o demanden.
- ✓ Accións para a integración da cultura impresa/cultura dixital. Multialfabetismos. A biblioteca e as TIC están plenamente relacionadas servindo as TIC como elemento motivador e á vez condutor no establecemento de hábitos de lectura a través de diferentes soportes. Coas reformas que estamos levando a cabo, pretendemos introducir fondos documentais en diferentes soportes tecnolóxicos. Así mesmo, contamos coa presenza de PDI para levar a cabo diferentes actividades de fomento da lectura e da radio escolar para realizar podcast colaborando co programa PNO, achegando a nosa biblioteca á comunidade educativa.

11.7 Avaliación

- ✓ Inicial, para coñecer cal é a nosa situación de partida no proxecto da biblioteca.
- ✓ Continua, ao longo do curso para que nos axude a modificar aqueles obxectivos que non esteamos a conseguir e poder facer as correccións pertinentes.
- ✓ Final, do resultado da posta en marcha do proxecto, que reflectiremos nunha memoria, e serviranos como avaliación inicial para o curso seguinte.



- QUE AVALIAR?
 - ✓ Plan de biblioteca. O Plan Anual de Biblioteca, o Plan de Lectura así como a Memoria de Biblioteca.
 - ✓ O traballo da coordinadora de biblioteca, do Equipo de Biblioteca e da Comisión de Biblioteca.
 - ✓ Infraestruturas: local, mobiliario, equipamento técnico.
 - ✓ Fondos documentais.
 - ✓ Uso da biblioteca.
- QUEN AVALÍA?
 - ✓ A coordinadora da Biblioteca.
 - ✓ A Comisión de Biblioteca.
 - ✓ O Equipo de biblioteca.
 - ✓ O Claustro.

11.8 Criterios de avaliación

Coordinación e participación activa cos distintos membros da comunidade escolar no desenvolvemento e potenciación das actividades da biblioteca; adecuación dos recursos; actualización, organización e rexistro dos fondos da biblioteca; colaboración co Departamento de Orientación para a adaptación dos materiais e as actividades ao alumnado con NEAE; grao de satisfacción do alumnado coas distintas propostas. Unha vez recollidos todos os datos, emitírase un informe-memoria do funcionamento e organización da biblioteca, incluíndo valoracións sobre o funcionamento do Plan así como as posibles melloras propostas para cursos posteriores. Este informe será presentado ao Claustro e ao Consello Escolar.

12. DINAMIZACIÓN DAS TICS

12.1 Introducción

As TIC neste momento son uns dos piares básicos da sociedade e hoxe en día temos que introducilas no currículo pouco a pouco dando paso a un novo modelo educativo, tal e como nos ven marcado no Decreto 150/2022 do 8 de setembro do currículo de infantil.



O obxectivo neste curso 2024/25 para o proxecto TIC será ir mellorando na competencia dixital tanto dos docentes como do alumnado. Neste senso seguimos co Plan Dixital de centro como instrumento para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa.

12.2 Composición do equipo

O equipo de dinamización de novas tecnoloxías está formado por María del Pilar Alonso Gil, Fátima Bello Cid, Iria Gil Iglesias, Raquel Iglesias Rodríguez e Nuria Rodríguez González.

12.3 Compoñentes do equipo

O equipo de dinamización de novas tecnoloxías está formado por María del Pilar Alonso Gil, Fátima Bello Cid, Iria Gil Iglesias, Raquel Iglesias Rodríguez e Nuria Rodríguez González.

12.4 Reunións previstas

Reunirémonos polo menos unha vez ao mes para facer un seguimento dos obxectivos propostos, comprobar a súa viabilidade, buscar estratexias para seguir incorporando as TIC na aula e resolver posibles dúbidas.

12.5 Obxectivos previstos

- ✓ Xestionar eficazmente os recursos do centro.
- ✓ Rematar a colocación das PDI que se retiraron nas aulas de AL.
- ✓ Recoller por parte da Consellería equipos e aparellos tecnolóxicos en desuso.
- ✓ Continuar có dossier da aula Steam incorporando actividades novas.
- ✓ Plantexar actividades cos distintos materiais que non van chegando de Polos Creativos: lápis 3D, xogos de construción, tabletas, accesorios audiovisuais e beebots.
- ✓ Fomentar o uso de materiais desenchufados a través do xogo lúdico.
- ✓ Mellorar a acústica no patio exterior buscando as condicións axeitadas para as actividades e diferentes eventos.
- ✓ Colocación de altosfalantes exteriores.
- ✓ Planificar actividades coa radio da biblioteca.



- ✓ Traballar o pensamento computacional sen contar con dispositivos electrónicos a través de actividades desconectadas ou desenchufadas.
- ✓ Informar ao profesorado a participar en cursos de formación que permitan mellorar a súa competencia dixital.
- ✓ Cumprir cos obxectivos do Plan Dixital de Centro
- ✓ Crear na aula virtual do centro un repositorio para o uso do profesorado de actividades ou información salientable.

12.6 Actividades previstas

- ✓ **Actividades realizadas en relación con TIC:** ensinar ao profesorado o uso dos xogos de material desenchufado, información ás familias a través da páxina web do centro e da aplicación abalar, actualización do blog da escola e creación dunha conta en Instagram para dar a coñecer o centro. Uso correcto dos paneis dixitais facilitando algún xogo educativo para afianzar contidos. Instalación da PDI nunha aula de AL.
- ✓ **Actividades realizadas en relación con Polos Creativos:** uso dos distintos materiais da aula Steam: robots, xogos de construcións e bloques magnéticos; distintos xogos para a realización de actividades desenchufadas e programación. Uso dos lápices 3D para algunha manualidade, gravación dalgún vídeo ou conto co Croma. Narración a través dun proxector de diapositivas dalgún conto creado polos rapaces a través da visualización dunha secuencia de debuxos, publicando no blog o produto final. Usar a cricut para cartelería.
- ✓ **Actividades realizadas en relación coa Biblioteca:** usar a radio escolar para realizar algún obradoiro de podcast ao longo do curso; sacar a radio ao patio; uso dos códigos QR e gravación de voz de contos; lecturas en voz alta gravando as lecturas en Audacity, por exemplo, e permitir que o alumnado se escoite para mellorar así a súa dicción, entoación, velocidade, precisión, etc; xogos de mesa para actividades desenchufadas e xogos de construción; visualización de contos na PDI e realización de actividades usando distintas aplicacións. A partir dalgún conto de realidade aumentada realizar algunha actividade.
- ✓ **Actividades realizadas en relación con Ponte Nas Ondas:** elaboración de podcast; actividades para o Día das Letras Galegas; conmemoración do Día



Mundial da Radio (13 de febreiro); Día Internacional do Patrimonio (16 de novembro) e participación no 8º Certame da recollida de imaxes do Patrimonio Galego Portugués.

12.7 Avaliación

A revisión e avaliación do Plan TIC por parte de toda a Comunidade Educativa, especialmente por parte do alumnado e profesorado, ten que realizarse diariamente para introducir modificacións oportunas en relación aos seguintes factores: idoneidade e axuste de obxectivos e grao de consecución; dificultades no uso e mantemento de equipos; frecuencia no uso das TIC; grao de implicación, formación e recursos utilizados polo profesorado; coordinación docente; motivación, competencias desenvoltas, cumprimento das normas do alumnado; uso do Abalar e os imprevistos e as solucións atopadas.

Polo tanto, reunirémonos polo menos unha vez ao mes para ir detectando problemas e ir solucionando aportando as melloras oportunas.

12.8 Outros

No Plan Tic facemos mención ao Plan Dixital do Centro e ó Proxecto de Ponte Nas Ondas do que formamos parte xa que entendemos que todo está interrelacionado, as actuacións e accións inciden en diferentes prioridades e obxectivos encamiñadas a un bo desenvolvemento educativo dixital.

13. DINAMIZACIÓN DO PLAN DIXITAL

13.1 Introducción

O Plan Dixital concíbese como un instrumento para mellorar o desenvolvemento da competencia educativa, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino-aprendizaxe e a transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes. Desde que o puxemos en marcha no curso 2021/22 avanzamos neste sentido, propoñendo obxectivos onde as accións propostas nos leve a súa realización en tempo e forma. A través tanto do Equipamento dixital xeral coma dos Polos Creativos desenvolveranse accións integradas encamiñadas ao desenvolvemento específico das competencias STEAM, a xestión intelixente, a robótica e o uso doutras tecnoloxías.



En canto a contribución deste plan á programación xeral anual estará reflectido no Plan TIC. Tamén haberá relación e inmersión con distintos proxectos do centro e co plan de potenciación e organización das relacións coa comunidade e a familia.

Actualmente seguimos formándonos dixitalmente a nivel individual e a través dun PFPP con tres líneas de traballo, dúas delas encamiñadas a desenvolver actividades onde as competencias dixitais están moi presentes, STEAM e robótica así como a radio escolar.

13.2 Compoñentes do equipo

Forman parte do equipo do Plan Dixital todo o Claustro pero máis especificamente tódolos membros do Plan TIC, xa que a consecución dos obxectivos, as actividades e as accións encamiñadas a cumprir cos obxectivos do PDC serán propostas desde o equipo de TIC.

13.3 Reunións

Reunímonos unha vez xa que os membros son os mesmos co do equipo TIC. A maiores contamos coa presenza dun mentor que está tutorizándonos e axudando no proceso.

13.4 Obxectivos previstos

- ✓ Actualizar a aula virtual do centro para o uso do profesorado
Accións: Elevar a aula virtual actividades para o profesorado.
- ✓ Realizar todos os temas administrativos co programa XADE.
Accións: Empregar o XADE para a xestión do centro escolar: matrículas, inventarios, permisos, faltas...
- ✓ Usar a aplicación Abalar para tódalas comunicacións tanto coas familias como co profesorado
Accións: - Comunicar os avisos do centro ás familias e ó profesorado a través da plataforma abalar
 - Usar a aplicación Abalar para a comunicación coas familias.
- ✓ Continuar coa formación de Polos Creativos
Accións: - Realizar a formación planificada no PFPP



- Dar a coñecer o material novo de Polos que chega ó centro.
 - ✓ Formar ó profesorado no uso da radio escolar
- Accións: - Recibir formación a través do PFPP da Radio Escolar.
- Planificar algunha actividade usando a Radio Escolar.

13.5 Plan de avaliación

O Equipo de Dinamización das TIC fará un seguimento dos obxectivos e das propostas para completar tódalas accións do plan. O mentor ADIX está a disposición do centro para calquera dúbida e analiza e fai unha supervisión de dito plan.

A persoa coordinadora do PDD terá acceso á ferramenta Educalidade para rexistrar os avances e avaliacións deste Plan baixo a supervisión da dirección. Os demais membros do equipo poden acceder á plataforma pero só para consulta.

O procedemento de seguimento do PDD e da consecución dos obxectivos levarase a cabo tendo como referente os valores previstos para os indicadores dos obxectivos establecidos. Avaliarase tanto o proceso como a consecución do obxectivo ó final do propio proceso. Ó final do trimestre realizaremos unha avaliación onde incluiremos o estado da execución das accións, a análise e a valoración dos resultados. De ser o caso, tamén as posibles modificacións das accións e os motivos.

Nunha avaliación ó final do curso incluírá a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

14. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO

O Plan de Autoprotección da EEI Vila Laura segue vixente e sen cambios.

Como tódolos anos, realizarase un simulacro de evacuación no 1º trimestre de curso para preparar ao alumnado e ao persoal do centro e, deste xeito, detectar tamén posibles erros ou defectos.

Ao estar á espera dunhas obras que se acometerán na zona exterior da entrada principal e que bloquearía estas saídas no caso dun eventual desaloxo, modificarase o Plan de Autoprotección de modo temporal cando vaian dar comezo ditas obras. Isto implicará a aprobación no seo do Consello Escolar de dita modificación así como a realización dun novo

simulacro para comprobar o seu desenvolvemento e a súa eficacia, así como correxir e solventar aquelas incidencias que acontezan.

15. CONCRECIÓN E MODIFICACIÓN DO PE

Segue vixente engadindo o Plan Dixital e o Plan de Actividades físicas e hábitos saudables.

16. CALENDARIO DE REUNIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E DE COORDINACIÓN DOCENTE

Os claustros e consellos escolares realizaranse sempre que sexan necesarios e segundo marca a lexislación vixente. O inicio de curso para aprobar os criterios da elaboración de horarios e formas os distintos equipos/departamentos, a mediados de outubro para a aprobación da PXA, a finais de xaneiro para a presentación de contas e orzamento para o novo ano e finais de xuño para a aprobación da memoria.

As reunións dos diferentes departamentos/equipos realizaranse os martes pola tarde. A planificación será trimestral. A periodicidade das xuntanzas que figuran a continuación é orientativa, xa que depende dos trimestres. O cuadrante das mesmas estará exposto na sala de mestras.

- ✓ Reunións de **CICLO**: todo o profesorado do centro. As xuntanzas serán unha vez ao mes. Coord.: María Jesús Calviño Moure. Lugar: Biblioteca
- ✓ Reunións de **BIBLIOTECA E DINAMIZACIÓN LIGÜÍSTICA**: todo o profesorado que pertence a unha delas. Coord.: Fátima Suárez Conde e Betty Cid Novoa. Lugar: sala de mestras ou biblioteca dependendo das necesidades. Realizaranse dúas reunións ao trimestre.
- ✓ Reunións de **COMISIÓN de COORDINACIÓN PEDAGÓXICA**. Coord. Alberto Becerra Lage. Lugar: DO. Realizaranse dúas xuntanzas cada trimestre.
- ✓ Reunións de **TICs**. Coord.: Nuria Rodríguez González. Lugar: aula nº 1. Realizaranse dúas xuntanzas ao trimestre.
- ✓ Reunións de **ORIENTACIÓN**: todo o profesorado do departamento. Coord.: María del Pilar Alonso Gil. Lugar: Sala de mestras. Realizaranse unha reunión ao trimestre e aquelas outras que se consideren necesarias.



- ✓ Reunións de **NIVEL**. Unha vez ao mes . Neste centro ao ser só de infantil estas reunións son fundamentais.
- ✓ 3 ANOS: Coord.: Antía Reboreda Rivera. Lugar: aula nº 3
- ✓ 4 ANOS: Coord.: María del Carmen Estévez López. Lugar: aula nº 7
- ✓ ANOS: Coord: Marta Guzmán Rodríguez. Lugar aula nº 10.

17. PLAN DE POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COA COMUNIDADE E A FAMILIA

As relacións coas familias e a comunidade educativa son fundamentais para o bo funcionamento do centro. As comunicacións oficiais sempre se realizarán por escrito a través do alumnado ou de Abalar.

Do mesmo xeito empregamos a páxina web como canle de comunicación oficial coas familias.

No mes de setembro o profesorado realizará a reunión de principio de curso onde se explican as novas normas básicas do centro e os aspectos metodolóxicos máis importantes. Asemade durante o curso realizanse titorías coas familias no seguinte horario: martes 16:00-17:00h.

As familias do noso centro colaboran en celebracións como o Magosto, o Nadal, o Entroido, en exposicións ao longo do curso: Semana do Libro, Letras Galegas, Festival Final de curso e outros.

18. PLAN DE REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN DE COMEDORES

O servizo de Comedor Escolar na EEI Vila Laura é de xestión indirecta. Neste caso, o Director é a persoa responsable da execución do contrato, e tamén debe estar presente durante o servizo ou, se fose o caso, a persoa nomeada como a súa substituta. Como persoa responsable, relacionarase directamente coa empresa contratista, que recibirá as súas suxestións e ordes de servizo.

Para este curso, terase en conta a lexislación vixente así como a Instrución 2/2024, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e



Formación profesional, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta no curso escolar 2024-2025.

O comedor escolar está clasificado na categoría tipo B (de 76 a 150 comensais). Conta na actualidade cun total de 149 prazas de comedor, incluídas as prazas de cobertura obrigatoria (director e a coidadora (PAS)), habendo incorporado 20 prazas novas de comedor no mes de outubro do curso pasado.

No mes de xullo publicouse en tempo e forma as listas provisionais e definitivas de admitidos/as, estando os listados publicados nos taboleiros interiores da Escola, e publicitando e informando sempre a través do Abalar e da páxina web do centro.

Hai que ter en conta que son máis os usuarios que fan uso deste servizo, por empregar algún comensais só algún días soltos. Ao comezo do presente curso escolar hai anotados un total de 160 nenos e nenas que nalgún día da semana fan uso do comedor. A día de hoxe non hai usuarios en lista de espera.

A organización do comedor:

- ✓ Emprégase o comedor principal para o alumnado de 5º e 6º Ed. Infantil.
- ✓ Emprégase a aula situada fronte ao comedor principal (aula de servizo matinal) para o alumnado de 4º Ed. Infantil. Este espazo foi habilitado e acondicionado para este uso dende a Covid-19.
- ✓ Asígnanse postos fixos para o alumnado durante todo o curso.
- ✓ As/os monitoras/es serán sempre as mesmas para cada grupo de nenos/as.
- ✓ A coidadora (PAS) atenderá, dentro das súas funcións, ao alumnado con necesidades educativas encomendado.
- ✓ A cubertería é individual e non se comparte ningún utensilio.
- ✓ Na quenda correspondente a 4º Ed. Infantil, cando rematan de xantar saíran ao patio cuberto coas súas monitoras.
- ✓ Na quenda correspondente a 5º e 6º Ed. Infantil, ao rematar irán ao patio cuberto superior coas súas monitoras.
- ✓ No caso de que as condicións climatolóxicas non permitan saír ao exterior, permanecerán dentro do edificio.
- ✓ As familias poden recoller aos seus fillos/as a partir das 15:15 horas tanto pola “*Porta Musical*” como pola “*Porta das Moreiras*”.



- ✓ No mes de setembro, e mentras non inician o comedor os usuarios/as de 4º Ed. Infantil, a recollida realizarase soamente pola “*Porta Musical*”, por motivos de xestión e de organización do servizo.

Este curso escolar, dado que o período de adaptación durou apenas 5 días, e restaban dúas semanas ata o mes de outubro, decidíuse adiantar a entrada do alumnado de 4º Ed. Infantil ao luns 23 de setembro, coa idea de axudar na conciliación familiar.

As ausencias ao comedor deben ser comunicadas, e debidamente xustificadas, á Dirección do centro, preferentemente a través do correo electrónico co asunto “comedor” sempre antes das 9:45 horas.

Resulta obrigado para a Dirección do centro, segundo establece a Instrución 2/2024, “*privar durante 10 días do uso do comedor aos usuarios que en tres ocasións faltaran ao comedor sen que mediara, antes das 9,45h dese día, comunicación previa da súa ausencia, sexan usuarios pagadores ou gratuitos*”.

19. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

A secretaría do centro será: Horario de 13:00 a 14:00.e tamén por correo electrónico eei.vila.laura@edu.xunta.gal

O director e a xefa de estudos reciben a pais/nais ou titor/a os martes de 16:00-17:00 da tarde, previa cita. Asemade as titorías para o resto de profesorado son os martes de 16:00-17:00 da tarde, previa cita.

20. PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

Na EEI Vila Laura desempeña as súas funcións como Auxiliar Técnica de Educación con destino definitivo Almudena Núñez Cameselle

As súas tarefas son :

- ✓ Atención en ruta.
- ✓ Atención en limpeza e aseo.
- ✓ Atención no comedor.
- ✓ Atención nas merendas.
- ✓ Colaboración co profesorado na vixianza das clases.



- ✓ Colaboración co profesorado na vixianza dos recreos.

O horario é completo. Debido as idades do alumnado de neae e o o traballo da coidadora é esencial.

Asemade o Concello de Vigo contrata un porteiro vixiante cada seis meses. As súas funcións están reguladas polo Concello.

As súas tarefas son:

- ✓ Abrir o centro.
- ✓ Abrir as xanelas.
- ✓ Prender e apagar a calefacción.
- ✓ Coidado e mantemento das instalacións do centro.
- ✓ Reparacións (pequenos arranxos tipo bricolaxe).
- ✓ Avisar á dirección dos desperfectos observados.

A súa labor é fundamental para o desenvolvemento da vida da escola e o mantemento físico da mesma o cal repercute na calidade do ensino.

Sería necesario que o seu destino fora definitivo para dar continuidade os traballos que realiza.

21. PLAN DE UTILIZACIÓN DO CENTRO

A comunidade educativa pode solicitar á dirección do centro o uso das instalacións. O director proponllo o Consello Escolar e se este órgano o aproba, remitirase a Inspección.

22. PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES

Segundo indica o *Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*, no seu artigo 31, os centros docentes deberán incluír, dentro do seu proxecto educativo e funcional, un Plan de actividades físicas e hábitos saudables, coa finalidade da práctica diaria de deporte e exercicio físico durante a xornada escolar e da promoción dunha vida activa, saudable e autónoma, por parte das alumnas e dos alumnos, e que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións.

Sendo a saúde un tema de especial importancia nas nosas vidas, é necesario que dende os primeiros anos de vida teñamos en conta todo aquilo que poida ser de interese para gozar dunha vida plena e dun desenvolvemento integral e harmónico (finalidade da educación infantil), que teña en conta tódolos ámbitos do desenvolvemento tanto físico, como a emocional, sexual, afectivo, social, cognitivo e artístico.

Sendo de sempre a “*Educación para a saúde*” un eixo transversal na nosa educación, e levándose a cabo nesta etapa dun xeito globalizado, non nos debemos de esquecer que dende o primeiro momento no que un neno/a accede á nosa escola, estaremos a traballar no noso alumnado unha educación para a saúde que fomente uns hábitos saudables así como un desenvolvemento progresivo do movemento a través do seu corpo.

A través do “*Plan de actividades físicas e hábitos saudables*” pretende levar a cabo, ao longo dos vindeiros cursos escolares, unha serie de accións que fomenten un estilo de vida saudable onde o deporte e o movemento, xunto cunha alimentación sana, sexan parte dos pilares básicos do ensino que, a súa vez, complementarán todas as outras accións levadas a cabo na escola que teñan como fin último o pleno desenvolvemento integral e harmónico do alumnado.

As **actuacións** deseñadas e previstas para este curso escolar 2024/2025 expóñense a continuación:

- ✓ Desenvolver hábitos de alimentación saudables a través das recomendacións ás familias, dende as titorías, de merendas saudables na escola (tratando de incluír un ou varios días de consumo de froita, evitando as graxas e o azucre,...).
Buscarase, na medida do posible, buscar o consenso dentro do claustro, para identificar e unificar un día á semana no que todo o alumnado traia froita nas súas merendas.
- ✓ Desenvolver por trimestres no centro a “*semana da froita*”, tratando de que o alumnado disfrute nas súas merendas da froita de tempada correspondente. Tratarase de darlle publicidade ao resto da comunidade escolar.
- ✓ Incluír neste plan o proxecto da “*Horta Escolar*” que se ven desenvolvendo dende fai anos nesta escola, por ter moitos obxectivos en común, onde xa se viña fomentando a alimentación sana a través de diferentes actividades e tarefas.
A horta ecolóxica da nosa escola é un proxecto que pretende fomentar hábitos saudables de alimentación a partir do ciclo completo do cultivo de alimentos:



compost cos restos das merendas, preparación da horta, sementación e plantación, coidados, recolleita, así como cociñar e alimentarnos cos produtos da nosa horta. Tamén se fomenta o coidado do medio ambiente coa reciclaxe, o coidado da contorna natural: plantas, bechos,...

- ✓ Dentro da “*Horta Escolar*”, contribuír a mellorar e ampliar o espazo adicado á mesma xunto coa incorporación de novos materiais.
- ✓ Actividades para favorecer a concienciación sobre o coidado do medio ambiente. Hábitos de consumo. Reciclaxe na escola.
- ✓ Inclúense neste plan todas as accións a nivel psicomotor que se desenvolven no centro escolar, ano tras ano, por parte das titoras e especialistas en PT con cada grupo-aula, como é o feito de desenvolver actividades físicas, de movemento e psicomotoras dirixidas, tanto na aula, coma nos patios exteriores e na aula de psicomotricidade.

Para organizar estes espazos, as titoras anotaranse nuns horarios de uso tanto da aula de psicomotricidade (1 hora / sesión) coma no patio exterior superior onde as sesións serán de 30 minutos. Neste espazo ocuparase soamente a metade do patio coa finalidade de poder empregalo á vez por dúas aulas diferentes.

- ✓ Favorecer, na medida do posible, as gardas activas; isto é, na ausencia dun mestre/a, o seu substituto/a, procurará, se é o caso e así o considera, levar a cabo actividades de movemento e/ou xogo dirixido dentro ou fóra da aula.
- ✓ Implementar a lingua estranxeira nas sesións de psicomotricidade en 6º da Educ. Infantil a través do Programa Plurinfantil.
- ✓ Establecemento de xornadas lúdicas asociadas á práctica deportiva dun ou varios deportes.
- ✓ Fomentar as actividades deportivas fóra da escola a través das actividades extraescolares, a través de outras actividades que poida programar a ANPA da escola, e publicitando diferentes eventos deportivos a través das nosas redes sociais (páxina web e/ou blog).
- ✓ Cantas actividades se propoñan sobre o transcorrer do presente curso escolar por parte do Claustro, das familias e a ANPA, e dos servizos sociais, deportivos e culturais da nosa contorna.

Dentro da idea de potenciar as **avaliacións** internas /externas por parte da Dirección, promovendo a reflexión, coa finalidade de mellorar a nosa práctica educativa, avaliarase cada unha das actuacións propostas, e outras que poidan surxir ao longo do curso escolar. Dita avaliación será realizada pola Comunidade Educativa, mostrando os resultados na memoria de final de curso e publicitándoa nas redes sociais do centro escolar.

23. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

As avaliacións realízanse en cada departamento, equipo ou comisión. A partir das distintas avaliacións e das necesidades detectadas elaboraránse plans de mellora.

A valoración das actividades levadas a cabo realízanse nas reunións de ciclo ou de actividades complementarias. A avaliación final recóllese na memoria final de curso.

24. DINAMIZACIÓN DO PLAN ANUAL DE BENESTAR E CONVIVENCIA

Toda a comunidade educativa da EEI Vila Laura somos conscientes da necesidade de traballar a educación emocional e social, dotando ao alumnado de estratexias para que aprendan a manexar os sentimentos e emocións e poidan resolver os conflitos que se lles presentan de forma adaptativa.

Ao mesmo tempo é necesario dotar ao profesorado de ferramentas para a detección de dificultades de convivencia na aula e situacións de risco, que precisen unha intervención inmediata nos distintos ámbitos e/ou derivación a profesionais externos: servizos sociais, servizos médicos...

No noso centro contamos cun gran número de alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, derivadas de discapacidade, vulnerabilidade socioeducativa, atraso madurativo... Deste xeito, a educación socioemocional cobra máis protagonismo; debendo establecer medidas de detección e protección, que promovan valores de convivencia, negociación, diálogo e respecto polas diferenzas.

É necesario tamén promover a participación das familias neste plan, informándoas e asesorándoas no relacionado coa convivencia democrática e o benestar emocional.

24.1 Compoñentes do equipo

Tal e coma se artella na *ORDE do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia*; a persoa



que exercerá a coordinación de benestar e convivencia na EEI Vila Laura será a Xefa do Departamento de Orientación; M^a del Pilar Alonso Gil, designada pola Dirección do mesmo por un período de dous anos.

24.2 Horarios e obxectivos

A coordinadora de benestar e convivencia terá unha hora semanal para a coordinación de benestar e protección e de dinamización de convivencia.

a) En coordinación co equipo directivo:

- ✓ Obxectivo 1. Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia do centro.
- ✓ Obxectivo 2. Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, para o cal velará, entre outras accións, pola incorporación e tratamento no plan de acción tutorial de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.
- ✓ Obxectivo 3. Identificarse ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.
- ✓ Obxectivo 4. Informar ao persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na súa localidade ou na súa comunidade autónoma.
- ✓ Obxectivo 5. Detectar e actuar nas situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade seguindo os protocolos establecidos.
- ✓ Obxectivo 6. Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas de menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.



b) En coordinación co departamento de orientación:

- ✓ Obxectivo 1. Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia, así como a cultura do bo trato, coordinando actuacións, que se realizarán no centro e desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz.
- ✓ Obxectivo 2. Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.
- ✓ Obxectivo 3. Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.
- ✓ Obxectivo 4. Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicalo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.
- ✓ Obxectivo 5. Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.

24.3 Propostas

- ✓ Actividades realizadas en relación co alumnado: realizarase distintas tarefas encamiñadas a desenvolver as habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos e a mediación. Tentarase captar o clima xeral da aula e os problemas de convivencia cun traballo na aula das emocións básicas, a través de: contos, vídeos, xogos...
 - Creación dun momento ao longo da mañá- asemblea- onde os alumnos e alumnas poidan expresar como se senten. Validación por parte do profesorado das emocións dos alumnos e alumnas, tendo claro que non existen emocións positivas e negativas e que sempre temos que aceptar as súas emocións, independentemente de que esteamos de acordo ou non, non tratando de reprimilas nin ignoralas.
 - Creación dun banco de recursos no colexio, con xogos, actividades manipulativas e contos para traballar as emocións. Despois do recreo e de calquera actividade física, traballarase a volta á calma, con técnicas de autocontrol e relaxación a través de vídeos, contos...(O volcán, a tarta, audios de “ tranquilos y atentos como una rana”...). Creación dentro da aula



dun recanto da calma, no que haberá unha caixa con materiais específicos, adaptados á idade, para relaxarse no momento que se precise.

- ✓ Actividades realizadas coa Comunidade Educativa: conmemoraremos durante o curso escolar as datas acordadas no Claustro, citadas nesta PXA, coordinadas por diferentes equipos da escola, co fin de fomentar no centro educativo valores como a tolerancia, o entendemento e o respecto mutuo entre persoas, sexa cal sexa a súa procedencia e a súa forma de pensar.

24.4 Medidas de atención á diversidade

Todas as propostas terán un enfoque DUA, modelo de ensinanza que ten en conta a diversidade do alumnado e co obxectivo claro de lograr unha inclusión efectiva, minimizando as barreiras físicas, sensoriais, cognitivas e culturais que poidan existir na aula, favorecendo a igualdade de oportunidades no acceso á educación.

24.5 Plan de avaliación

Farase un seguimento trimestral do citado Plan nas reunións da CCP e se irá modificando en función das observacións do equipo docente e do alumnado.

25. ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS. ANPA “MAGNOLIA”

A asociación de pais e nais da Anpa Magnolia da Escola de Educación Infantil Vila Laura de acordo cos seus Estatutos ten como fins:

- a) Velar polos dereitos dos alumnos da Escola de Ensino Infantil Vila Laura, no que se refire a súa educación, de acordo co artigo 27 da Constitución Española.
- b) Defender os dereitos dos pais e as nais sobre aquilo que afecte ao proceso educativo e formativo dos seus fillos e fillas.
- c) Participación na elección dos representantes dos pais nos Órganos Colexiados do Centro, municipio, provincia ou calquera outro velando pola pureza do proceso electoral e colaborando na correcta realización das eleccións.
- d) Colaborar na labor educativa do Colexio e de xeito especial nas actividades complementarias e extraescolares, promovendo e desenvolvendo actividades formativas, deportivas e culturais.



- e) Orientar e estimular ós pais e as nais respecto ás obrigas que lles incumben.
- f) Colaborar na elaboración, desenvolvemento ou modificación do Regulamento de Réxime Interno ou Estatuto do Colexio.
- g) Promover a participación da comunidade escolar no control e xestión da escola en conformidade co disposto no artigo 27.7 da Constitución Española.
- h) Promover a colaboración con asociacións de outros centros da nosa contorna, xa directamente en cuestión específicas con ANPAS de centros próximos ou ben por medio de Federacións.
- i) Defensa dun ensino de calidade, galego centrado no país, que fomente a formación responsable dos alumnos nos valores democráticos e na non discriminación por razóns económicas, relixiosas, ideolóxicas, de raza ou sexo.
- j) Requirir aos poderes públicos o cumprimento das leis, regulamentos e plans de actuación relativos á educación, reclamando a atención e axuda que esta merece.
- k) Desenvolver programas de educación familiar, para promocionar os pais e as nais e titores, coñecementos e orientacións relacionadas coa súa función educadora.
- l) Contribuír e cooperar cos diversos servizos da escola para o seu bo funcionamento.
- m) Promover reunións de colaboración de pais e nais co profesorado e fomentar as boas relacións entre ambos estamentos.

Por todo o exposto anteriormente, a ANPA MAGNOLIA colaborará e traballará man a man xunto coa Dirección do Colexio en todo o que sexa posible para favorecer a aprendizaxe dun xeito lúdico. Este documento pode sufrir modificacións nos próximos meses xa que, tendo en conta a situación que deixamos atrás, a pandemia provocada polo Covid-19, o protocolo, actualmente inexistente, e as medidas de seguridade poden cambiar ao longo do curso.

Outras actividades que fixemos o ano pasado en colaboración co cole como Magosto, Ambientación Samaín, Ambientación e pasarrúas no Entroido, Chokolatada de Entroido,



fiesta de Nadal, Festa do Patio, Lotería de Nadal, é intención nosa volver a realizalas de xeito similar.

Quedan tamén pendentes da dispoñibilidade económica a posibilidade de realiza-lo festival de fin de curso, distintas andainas, obradoiros ou charlas sobre temas de interese, as saídas organizadas ao cine, teatro de monicreques, ou espectáculos de maxia. É a nosa intención retomar todas estas actividades na medida do posible, así como fomentar a introdución das familias no ámbito da comunidade educativa, creando vínculos de amizade e compañeirismo, e fomentando hábitos de vida saudables, con quedadas fóra do horario lectivo, mediante excursións, festas populares, xornadas temáticas e de convivencia, etc.

A ANPA xestiona e organiza as actividades extraescolares da Escola que se ofertan de luns a venres de 16:00-17:00h no Aulario e nos patios. Ademais contamos cun Servizo de Coidadora de luns a venres de 16:00 a 17:00 (podería variar no caso de que algunhas extraescolares non se crearan, ou cambios no protocolo ou outras medidas), para a entrega dos nenos do comedor nas actividades extraescolares e a recollida dos nenos que van a ditas actividades e que non quedan a comedor.

As actividades ofertadas para este curso son as seguintes:

- ✓ Actividades que se levarán a cabo (en caso de chegar ao mínimo de inscritos) en interior no espazo habilitado, en principio no comedor ou na sala adicada a Psicomotricidade.
 - Manualidades e Reciclaxe
 - Exprésate coas cores
 - Obradoiro musical
 - Teatro e expresión corporal
 - Happy English
 - Baile galego
 - Ioga
 - Cociña
 - Taekwondo



- Obradoiro Infantil
- Baile moderno
- ✓ Actividades que se levarán a cabo (en caso de chegar ao mínimo de inscritos) no patio exterior cando a situación meteorolóxica o permita e no patio cuberto noutro caso:
 - Fútbol
 - Multideporte
 - Babybasket
- ✓ Actividades que se realizarán na Piscina Municipal das Travesas:
 - Natación.

Para unha mellor conciliación da vida laboral e familiar a ANPA ofrece un Servizo de Gardería Matinal en horario de 08:00 a 09:10h (aínda que se poden levar aos peques ata as 08:55h) con dúas monitoras que coidan dos rapaces no Aulario e os leva ás súas aulas antes do comezo das clases.

Colaboramos, como tódolos anos coa Horta-Escola, xestionada pola Escola, na que a ANPA colabora con voluntarios para mantela en boas condicións. E faise unha aportación para material e sementes todos os anos de 500 €.

O financiamento das actividades mencionadas anteriormente faise coas cotas anuais dos socios da ANPA e, no seu caso, do pago mensual por actividade coma no caso das actividades extraescolares e dos servizos de gardería; e do pago puntual de determinadas actividades coma no caso das actividades de exterior, charlas ou excursións. Tamén este ano contaremos coa subvención do concello xestionada a través de FOANPAS.

Cómpre mencionar que temos contratada unha Póliza de Responsabilidade Civil con MAPFRE, en conxunto con FOANPAS, e que renova anualmente. Tamén destacamos que todas as actividades organizadas pola ANPA dentro do recinto escolar están cubertas polo SERGAS, co cal non precisamos dunha Póliza de Accidentes Colectivos.

Destacamos tamén que a nosa ANPA. cumpre coa Lei orgánica de protección de datos.